

**EPA EDUARDO PONDAL**  
**DEPARTAMENTO DE**  
**INGLÉS**  
**ÁMBITO DE COMUNICACIÓN INGLÉS 2**

**Guía didáctica 2023/2024**

<b>Profesor</b>	Iago Fernández López
<b>E-mail</b>	<a href="mailto:iagoferlo@edu.xunta.gal">iagoferlo@edu.xunta.gal</a>
<b>Teléfono centro</b>	881 96 09 01
<b>Manual</b>	Ámbito comunicación: Lingua Inglesa. Módulo 2 <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204</a>
<b>Aula virtual</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/aulavirtual/">http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/aulavirtual/</a>
<b>Horario lectivo</b>	MAÑÁS: Xoves – 10:00 -10:45 TARDES: Luns – 16:45 - 17:30
<b>Titorías</b>	MAÑÁS: Martes – 10:00 - 10:45 TARDES: Viernes – 17:30 - 18:15
<b>Aula</b>	Aula 3.2
<b>Curso</b>	2023-2024

## Temporalización – 1º Cuadrimestre (de 18 de setembro a 26 de xaneiro)

	<b>Módulo 2 MAÑÁS (13 sesións + 2 para parciais)</b>	<b>Módulo 2 TARDES (14 sesións + 2 para parciais)</b>
Unidade 5	3 sesións	3 sesións
Unidade 6	4 sesións	4 sesións
<b><u>Parcial</u></b> (UNIDADES 5-6)	<b>NOVEMBRO</b> *A data do exame parcial concretarase con cada grupo (mañá-tarde).	
Unidade 7	3 sesións	4 sesións
Unidade 8	3 sesións	3 sesións
<b><u>Parcial</u></b> (UNIDADES 7-8)	<b>XANEIRO</b> *A data do exame parcial concretarase con cada grupo (mañá-tarde).	
<b><u>Final ordinario</u></b>	<b>Mañás e tardes: entre 29 e 31 de xaneiro</b>	

## Temporalización – 2º Cuadrimestre (de 15 de febreiro a 20 de maio [ORD.])

	<b>Módulo 2 MAÑÁS (11 sesións + 1 para parcial)</b>	<b>Módulo 2 TARDES (11 sesións + 1 para parcial)</b>
Unidade 5	3 sesións	3 sesións
Unidade 6	3 sesións	3 sesións
<b><u>Parcial</u></b> (UNIDADES 1-2)	<b>ABRIL</b> *A data do exame parcial concretarase con cada grupo (mañá-tarde).	
Unidade 7	3 sesións	3 sesións
Unidade 8	2 sesións	2 sesións
<b><u>Final ordinario</u></b>	<b>Mañás e tardes: entre 21 e 23 de maio</b>	

## Contidos

Seguirase o currículo da ESA na Comunidade Autónoma de Galicia. Para a lingua estranxeira, alén de se integrar cos currículos de lingua galega e castelá, considerarase acadado o nivel A1 no Marco Común Europeo das Linguas ao completar o nivel I, e o nivel A2 ao acabar o nivel II. O alumnado adulto conseguirá así o grao de usuario básico, que o capacitará para comunicarse en situacións e contextos cotiáns, dominando un repertorio básico de recursos lingüísticos frecuentes da lingua estándar, empregada de maneira interactiva, receptiva e produtivamente, de xeito sinxelo aínda que adecuado e eficaz, comprendendo e producindo textos breves orais e escritos.

## Grao mínimo de consecución para superar a materia

Ao final desta etapa o alumnado estará en condicións de establecer (falar e entender) contactos sociais básicos, moi breves e axeitados, cunha pronunciación que non dificulte a comprensión. Estas intervencións xirarán arredor de situacións da vida cotiá en que sexa necesario o uso de convencións sociais e fórmulas de cortesía (saúdos, despedidas, presentacións). O alumno estará capacitado para pedir permiso, dar instrucións, describirse a si mesmo e o seu contorno, expresar os seus gustos, actividades de lecer, capacidades, rutinas diarias etc. Os fins comunicativos serán variados: pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades, facer suxestións etc.

Na lingua escrita será capaz de tirar información xeral ou específica de diferentes tipos de textos relacionados cos temas tratados. Igualmente, terá de escribir notas e mensaxes sinxelas sobre temas da vida cotiá.

O alumnado acadará ao final desta etapa unha competencia lingüística adecuada cando recoñeza e manexe elementos morfolóxicos dunha oración simple na lingua estranxeira (substantivos, verbos, adxectivos, determinantes etc.) e utilice expresións comúns (saúdos,), frases feitas (pedir desculpas, dar as grazas,) e o léxico propio dos temas tratados (familia, escola, a cidade).

O alumno poderá recoñecer distintos niveis de lingua (formal e informal) xunto coas fórmulas de cortesía correspondentes. Así mesmo, deben poder distinguir trazos culturais propios dos países onde se fala inglés daqueles do seu propio país.

## Crterios de avaliación

### ***Bloque 1: Comprensión oral***

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro informal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais, sobre temas do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas non dificulten a mensaxe e se poida volver escoitar.

B1.3. Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da

voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións), identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.

B1.4 Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e., unha demanda de información ou unha orde) e un repertorio limitado dos seus expoñentes mais comúns e habituais.

B1.5 Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral.

B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a asuntos cotiáns e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias, estudos e ocupacións.

B1.7. Discriminar padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

## ***Bloque 2: Expresión oral***

B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a padróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados se non se dispón doutros máis precisos.

B2.2. Producir textos orais breves e comprensibles, tanto en conversación presencial como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos cales se dá, se solicita e se intercambia información sobre temas de importancia na vida cotiá, sobre asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo e sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira e se xustifican brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita o dito.

B2.3. Relacionarse de maneira sinxela en conversas básicas sobre temas predicibles en que se establece contacto social manexando frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en intercambios breves, en situacións comunicativas habituais e cotiás con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, aceptar ou refugar invitacións e propostas...).

B2.4. Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), as manifestacións artísticas, as relacións interpersoais (no traballo, no centro educativo...), o comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual) e as convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as convencións comunicativas máis elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas

B2.5. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando os expoñentes máis común das devanditas funcións e os padróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo.

B2.6. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.

B2.7. Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás.

B2.8. Pronunciar e entoar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

### ***Bloque 3: Comprensión escrita***

B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breve e ben estruturado, escritos nun rexistro informal, que traten de asuntos cotiás, temas de interese ou relevantes para os propios estudos e ocupacións, ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.

B3.3. Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cinema), condicións de vida (contorno, estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), e convencións sociais e identificando diferenzas e semellanzas culturais máis salientables entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio país de orixe.

B3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como padróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e peche textual).

B3.5. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de padróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados.

B3.6. Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiás e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico.

B3.7. Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. e., &, %), e os seus significados asociados.

## **Bloque 4: Producción escrita**

B4.1. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p.e., copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira nun rexistro informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

B4.3. Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos concretos e significativos (p.e., as convencións sobre o inicio e o peche dunha carta a persoas coñecidas) e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción escrita adecuada ao contexto, respectando as normas de cortesía básicas, identificando na propia lingua diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.

B4.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando os expoñentes máis comúns das devanditas funcións e os padróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo.

B4.5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.

B4.6. Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais.

B4.7. Aplicar padróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se empregan regularmente ao falar, aínda que non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

## **Avaliación**

A avaliación será continua e integradora; terá en conta o punto de partida de cada alumno/a e, en todo caso, debe ser sempre coherente cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación desta programación. Debe ser entendida como un instrumento que valore o uso axeitado da lingua dende o punto de vista comunicativo (Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas) fronte ao coñecemento do seu sistema teórico ou da simple corrección formal. O erro é un elemento inevitable, produto da interlingua de transición, que ofrece ao profesor información sobre a evolución e o estadio de aprendizaxe do alumno/a. O proceso de avaliación ten que ser formativo: non exclúe, de xeito ningún, unha análise dos erros para que o alumno reflexione sobre a súa actuación de autoaprendizaxe e mellore posteriormente.

Cada proba constará dos seguintes tipos de exercicios:

- exercicios de inserción, substitución, transformación, elección múltiple, etc. para o control da adquisición de estruturas e léxico apropiado ás distintas situacións de comunicación.
- exercicios de expresión dentro de contextos comunicativos concretos (completar conversacións, describir, etc.) nos cales cómpre pedir ou dar información.
- exercicios de comprensión e produción escrita.

### **Cráterios Cuantitativos**

- Farase un seguimento por observación (coas anotacións pertinentes) cando se trate de procesos de produción e comprensión orais. Os traballos escritos serán corrixidos na aula ou polo propio profesor.
- Canto ás probas obxectivas, realizaranse probas diagnósticas, de seguimento e de autoavaliación para que o alumnado comprobe o seu progreso e poida así reflexionar sobre as competencias adquiridas.
- Para o alumnado que cursa o **Módulo 1 no 1º cuadrimestre**: Realizaranse **dúas probas escritas parciais após as unidades 1-2 (en novembro) e 3-4 (en xaneiro)** (ver táboa da páxina 2). Estes parciais terán lugar nos días especificados polo profesor durante as horas de clase. **O alumnado que superar ambas as probas, non precisará examinarse na avaliación ordinaria.**
- Para o alumnado que cursa o **Módulo 1 no 2º cuadrimestre**: Realizarase **una proba escrita parcial após as unidades 1-2 (en abril)** (ver táboa da páxina 2). Este parcial terá lugar no día especificado polo profesor nas horas de clase. **O alumnado que superar esta proba, só se examinará das unidades 3-4 na avaliación ordinaria.**
- As porcentaxes empregadas durante o período de avaliación ordinaria son as seguintes para a materia de Lingua estranxeira Inglés:

**Entregas de redaccións ou traballos. comprensión de textos. asistencia e participación activa amosando unha actitude favorable nas tarefas e titorías orientativas – 20%.**

**Exame – 80%.**

Para aprobar o Ámbito de Comunicación, **o/a alumno/a deberá ter una nota mínima de 3 (tres) en cada unha das materias que compoñen o Ámbito.** Este é un acordo acadado entre o profesorado do Ámbito de Comunicación para potenciar o seguimento de tódalas materias por parte do alumnado e evitar así o abandono escolar.

O día 20 de outubro (para o alumnado do 1ª cuadrimestre) e o 8 do marzo (para o do 2º cuadrimestre) están previstas senllas reunións do profesorado para valorar en conxunto o estado inicial do alumnado segundo o observado nas primeiras semanas. Antes desas datas, o profesor procurará dispor de datos suficientes sobre o alumnado a través de traballos de aula e tarefas.

O alumnado da modalidade semipresencial que teña o ámbito pendente de módulos anteriores no 2º cuadrimestre poderá asistir ás titorías de orientación correspondentes para preparar a convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Na modalidade presencial, ao non estaren previstas clases de reforzo, proporcionarase material de repaso e ampliación ao alumnado que o solicitar ou baixo o criterio do profesor.